



III Olimpiada de Xeoloxía

Normas de corrección :

Marcar con X os cadros correctos na folla que está ó final dos enunciados. As respostas incorrectas puntúan negativamente a razón de tres por unha, é dicir, cada 3 respostas incorrectas anulan unha correcta. As non contestadas non contan en ningún sentido.

1. ¿Qué mineral cristaliza formando maclas en punta de flecha como o de la figura?

- a) Barita
- b) Xeso
- c) Cuarzo
- d) Ortosa



2. Qué condicións destas debe ter un mineral para ser considerado como tal?

- a) Posuir orden interno das súas partículas
- b) Ter unha forma poliédrica
- c) Ter un certo valor económico
- d) Non levar átomos de carbono na súa composición

3. En qué sistema cristalino cristaliza o mineral da figura (fluorita)?

- a) Octaédrico
- b) Tetragonal
- c) Hexagonal
- d) Cúbico



4. Sustancias con igual composición química pero distinta estrutura cristalina denomínanse

- a) Isomorfos
- b) Idiomorfos
- c) Polimorfos
- d) Pseudomorfos

5. Que mineral é o da figura?

- a) Antimonita
- b) Grafito
- c) Xeso
- d) Galena





III Olimpiada de Xeoloxía

6. O devandito mineral posúe unha peculiaridade sobresaliente, cal de estas é?
- a) exfoliación
 - b) maclación
 - c) pseudomorfose
 - d) alta dureza

7. Qué mineral destes é un filosilicato?
- a) mica
 - b) olivino
 - c) piroxeno
 - d) ortosa


8. De qué mineral se trata?
- a) Fluorita
 - b) Amatista
 - c) Aragonito
 - d) Diamante



9. As rochas magmáticas que solidifican no exterior chámanse
- a) plutónicas
 - b) filonianas
 - c) ígneas
 - d) volcánicas

10. Que condición destas favorece a formación de magmas?
- a) diminución de presión
 - b) deshidratación
 - c) presenza de minerais terras raras
 - d) diminución de temperatura

11. Esta estrutura magmática chámase
- a) Lacolito
 - b) Facolito
 - c) Batolito
 - d) Sill



12. No cabo Ortegal aparece unha importante rocha, a ecloxita, de qué tipo é?
- a) sedimentaria
 - b) volcánica
 - c) plutónica
 - d) metamórfica



III Olimpiáda de Xeoloxía

13. A devandita rocha ten unha paraxénese moi característica, cál é?
- a) granate e onfacita
 - b) piroxenos e anfíboles
 - c) forsterita e faialita
 - d) cuarzo e feldespato
14. En que lugar destes non se cumpre o principio de superposición?
- a) nas cuncas sedimentarias
 - b) nos prismas de acreción
 - c) baixo os deltas
 - d) nos depósitos de pé de monte
15. Qué é un complexo ofiolítico?
- a) unha asociación de rochas de moi diversas orixes
 - b) anacos de codia oceánica na codia continental
 - c) unha asociación de estruturas xeolóxicas de difícil interpretación
 - d) os restos de antigos cratóns



16. Qué rocha mostra a textura da figura?
- a) un xisto
 - b) un granito
 - c) un mármore
 - d) unha anfíbolita
17. O movemento lento e gradual do manto de alteración chámase
- a) creep
 - b) licuefacción
 - c) avalancha
 - d) subsidencia

18. Cómo se chama esta estrutura?
- a) Septaria
 - b) Xeoda
 - c) Superficie estilolítica
 - d) Drusa



19. O espesor dun estrato medido perpendicularmente de teito a muro chámase
- a) anchura
 - b) potencia
 - c) buzamento
 - d) afloramento



III Olimpiada de Xeoloxía

20. Qué fósil-guía destes caracterizan el Ordovícico-Silúrico?


- a) Trilobites
- b) Braquiópodos
- c) Fusulinas
- d) Graptolites

21. Unha superficie erosiva que separa dúas series sedimentarias concordantes chámase

- a) Paraconformidade
- b) Disconformidade
- c) Non-conformidade
- d) Inconformidade

22. Pódese dicir que a estrutura representada no mapa xeolóxico é

- a) un anticlinal
- b) un antiformal
- c) un sinclinal
- d) un sinformal



23. A fauna de Ediacara atópase no

- a) Precámbrico
- b) Carbonífero
- c) Mesozoico
- d) Cenozoico

24. Que singularidade xeolóxica podemos ver no Ézaro?

- a) un cono volcánico extinguido
- b) fauna de Ediacara
- c) a desembocadura en fervenza dun río
- d) unha morrena glaciar

25. De que fósil se trata?

- a) Trilobite
- b) Ammonite
- c) Belemnite
- d) Graptolite



26. Na ecuación do risco xeolóxico, cal elemento fai referencia ó número de persoas potencialmente sometidas ó risco?

- a) peligrosidade
- b) exposición
- c) vulnerabilidade
- d) magnitude



III Olimpiada de Xeoloxía


27. A cantidade de enerxía liberada nun evento denomínase?

- a) Magnitude
- b) Intensidade
- c) Severidade
- d) Período de retorno

28. Cando acontece a Oroxenia Alpina?

- a) no Precámbrico
- b) no Paleozoico
- c) no Cámbrico
- d) en ningún deles

Sobre corte xeolóxico que se adxunta, contesta ás cuestións nº 29 a 34:



29. Que tipo de contacto existe entre B e D

- a) inconformidade
- b) disconformidade
- c) paraconformidade
- d) discordancia angular

30. Cal é o último acontecemento interno que ocorre?

- a) Erosión
- b) O dique L
- c) O plutón B
- d) A falla G

31. De qué tipo é a falla?

- a) de dirección
- b) directa
- c) Inversa
- d) Vertical



III Olimpiada de Xeoloxía

32. Como se chama a superficie H?
- a) inconformidade
 - b) disconformidade
 - c) paraconformidade
 - d) discordancia angular
33. Se D é cámbrico, qué idade terá A?
- a) Precámbrico
 - b) Silúrico
 - c) Ordovícico
 - d) Carbonífero
34. Cantas erosións houbo?
- a) Dúas
 - b) Ningunha
 - c) Tres
 - d) Unha
35. Cal destas rochas non é sedimentaria?
- a) cuarcita
 - b) conglomerado
 - c) carbón
 - d) areísca
36. Qué método xeocronolóxico serve para datar rochas moi antigas xeolóxicamente falando?
- a) dendrocronoloxía
 - b) carbono-14
 - c) U-Pb
 - d) varvas glaciares
37. Cal destes termos xeomorfolóxicos virá asociado co modelado glacial?
- a) tafoni
 - b) tómbolo
 - c) circo
 - d) esteiro
38. Como se denomina o efecto das partículas pequenas no aire capaces de erosionar as rochas?
- a) deflacción
 - b) exaración
 - c) corrosión
 - d) karstificación



III Olimpiada de Xeoloxía

39. Cal destas subdivisións do tempo xeolóxico representa o tempo máis antigo?
- a) ordovícico
 - b) cenozoico
 - c) paleoxeno
 - d) xurásico
40. Que ocorre en Galicia durante gran parte do Mesozoico?
- a) levantamentos isostáticos
 - b) erosión e desmantelamento
 - c) sedimentación
 - d) movementos sísmicos e volcanismo
41. Qué estrutura destas vai asociada a forzas distensivas?
- a) falla directa
 - b) falla inversa
 - c) cabalgamento
 - d) pregamento
42. As rochas denominadas milonitas van asociadas a...
- a) metamorfismo de alta presión e temperatura
 - b) metamorfismo só de alta presión
 - c) metamorfismo só de alta temperatura
 - d) magmatismo
43. As formacións xeolóxicas que conteñen auga e que se pode transmitir chámanse...
- a) acuíferos
 - b) acuífugos
 - c) acuitardos
 - d) acuicludos
44. Unha facies sedimentaria é:
- a) Unha formación xeolóxica
 - b) Unha serie paleontolóxica
 - c) Unha sucesión de rochas do mesmo tipo
 - d) O aspecto petrolóxico e sedimentolóxicos dunha rocha.
45. As dolinas son morfologías típicamente ...
- a) mariñas
 - b) calcáreas
 - c) eólicas
 - d) graníticas



III Olimpiada de Xeoloxía


46. Cal é a denominación que recibe esta rocha metamórfica, tan característica do Hercínico?

- a) Granodiorita tardía
- b) Metacuarcita
- c) Gneis glandular “Ollo de sapo”
- d) Ortogneis “Ollo de sapo”



47. Observando as seguintes imaxes de Ammonoideos, indica cal é a característica que permite decidir o seu grao de evolución:

- a) O número de cámaras da espira
- b) O deseño dos tabiques
- c) A sutura
- d) O tamaño





III Olimpiáda de Xeoloxía

48. Indica o nome da rocha representada na foto:

- a) Basalto
- b) Gabro
- c) Diabasa
- d) Diorita



49- Este fósil , considerado como o elo intermedio entre réptiles e aves, foi atopado nas calcarias de Solenhofen (Alemania). Indica o nome e idade :

- a) Archaeornis, do Cámbrico
- b) Archaeornis do Mesozoico
- c) Archeopteryx do Cámbrico
- d) Archeopteryx do Mesozoico



50. O fento fósil “Sigillaria sp” amosado na figura, é característico do sistema:

- a) Devónico
- b) Triásico
- c) Carbonífero
- d) Paleógeno

